

Xoves, 6 de maio de 2021

Núm. 85

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA
(CALDAS DE REIS)

Poxas

POXA DE DOUS LOTES DE MADEIRA

ANUNCIO DE SUBASTA

Anúnciase a subasta dos seguintes lotes de madeira no Monte de Utilidade Pública Agüeiros N^o1.

- **Lote N^o1**- Expediente 360052000001, con 367,99m³ de Pinus Radiata; 210,74m³ Pinus Pinaster; 0,71m³ Eucalyptus Globulus e 0,21 m³ Acacia Sp. Cun **prezo base** de **14.559,87€** e un **prezo índice** de **18.199,84€**.
- **Lote N^o2**- Expediente 360052000002, con 799,74m³ Pinus Pinaster; 27,34m³ Eucalyptus Globulus; 6,15 m³ Acacia Sp e 2,25m³ Quercus Robur. Cun **prezo base** de **19.407,92€** e un **prezo índice** de **24.259,90€**.

As **proposicións** presentaranse en **sobre pechado na secretaria da Entidade Local Menor** entre as **16:30 e as 18:30 do trixésimo sexto día natural** contado a partires do **día seguinte ó da aparición** deste anuncio no **B.O.P**; de coincidir con día festivo pasará ó día seguinte hábil.

As **Plicas serán abertas o mesmo día** da súa presentación **ás 19:00 horas**, nas oficinas da Entidade.

A **garantía provisional** será do **3% do prezo base**.

A **garantía definitiva** será do **7% do importe do remate**, e farase dentro dos **dez días seguintes**.

O prezo do remate, presuposto de indemnizacións e gastos de expediente serán liquidados no prazo de 20 días seguintes á aprobación e adxudicación da subasta, os gastos da publicación correrán a cargo do remanente. O prazo de execución de cada lote e de máis condicións dos aproveitamentos figuran no Prego de Condicións Técnicas Particulares de cada un.

O remanente ten a obriga de cumprir coas bases establecidas nas Prescripcións Técnicas dos lotes.

Os licitadores presentarán na mesa ou no acto de apertura das pricas o certificado profesional ou o carné de empresa.

En Arcos da Condesa.

O Alcalde – Presidente da Entidade Local Menor.

